

En primera persona

**Clara Paz Ollero e Lucía Iglesias Noya**  
Alumnas do IES Xelmírez I

# «A velutina e o tempo tan inestable son xa efectos do cambio climático»

Idearon un vídeo co que gañaron o concurso internacional Climántica 2018

**JOEL GÓMEZ**  
SANTIAGO / LA VOZ

Clara Paz Ollero e Lucía Iglesias Noya, alumnas de primeiro de bacharelato do IES Xelmírez I, gañaron o concurso internacional Climántica 2018 polo vídeo *Causas e consecuencias do cambio climático*. Neste produto desenvolveron, a través de infografías animadas elaboradas con rotuladores de cores sobre unha pizarra de veleda, e as súas voces en off, unha ampla e profunda análise do que se considera un dos grandes retos globais deste século. Para a súa vitoria foron importantes os votos recibidos desde México, España, Portugal, Arxentina, Colombia, Estados Unidos, Perú, Ecuador, Chile e Francia, que contaban un máximo 600 puntos; e a súa proposta foi a preferida polo xurado, integrado por especialistas en educación ambiental, que contaba un máximo de 1.800 puntos. «Quixemos concienciar e reivindicar os problemas que supón o cambio climático, e as súas causas e consecuencias», indica Lucía.

O director do centro, Manuel Portas, e a profesora Teresa Varela, salientan que o Xelmírez I, prestan atención hai anos a Climántica, unha iniciativa que pretende que docentes e estudantes do ensino non universitario se interesen na investigación sobre os temas ambientais máis preocupantes; no entanto, nunca conseguiran un recoñecemento como este. «Fixemos este traballo para explicar de forma didáctica e fácil de comprender para calquera persoa, en que consiste e o que supón o cambio climático», indica Clara.

En Compostela xa se está a notar, din. Entre os exemplos máis claros citan a aparición de espe-



O director, Manuel Portas, con Clara e Lucía, e a profesora Teresa Varela, onte no Xelmírez I. SANDRA ALONSO

cies invasoras: «A velutina e o tempo tan inestable son xa efectos do cambio climático, e co paso do tempo cada vez se van notar máis as consecuencias deste problema», indica Lucía.

Clara e Lucía terán como premio participar, este verán, nun campus científico especializado en Aveiro (Portugal). E están a ultimar a presenza no campus da biodiversidade, en Costa Rica, na Pascua de 2019, pois teñen prioridade tras este éxito. En Aveiro compartirán experiencias con estudantes de Polonia, México, Portugal e España: integrarán coñecementos sobre este tema con perspectivas de cada territorio para elaborar un novo produto de maior nivel científico e insistir, con máis argumentos no que supón esa mudanza do clima que se nota cada vez con maior intensidade. A Aveiro irán dous colegas seus do Xelmírez I.

O traballo para Climántica fa-

**Estudantes.** Clara Paz Ollero e Lucía Iglesias Noya estudan primeiro de bacharelato no instituto Xelmírez I.

**O premio.** Gañaron o premio internacional Climántica 2018 e agora poderán participar en campus especializados sobre o cambio climático en Portugal e en Costa Rica.

voreceu así mesmo que participasen xa nun encontro nas illas Canarias e en actividades celebradas en Aveiro e en Lisboa coincidindo coas Letras Galegas.

Aínda que lles resta un ano máis de bacharelato, Clara e Lucía afirman ter decidido o que estudarán ao finalizar a escolarización no instituto. As dúas farán carreiras de ciencias e teñen preferencia polas da saúde: Clara responde sen dudar que se

decidirá «por Enfermaría»; e Paz ten dúbidas «entre o novo título de Biotecnoloxía da USC, ou Enxeñaría Biomédica, que vai comezar tamén en Galicia», esclarece.

En Climántica 2018 destacaron tamén outros centros galegos de ensino non universitario, entre eles o IES Rosalía de Castro de Compostela, segundo salienta a organización. Tras o premio de Clara e Lucía, e segundo e o terceiro postos foron para traballos de alumnado de México.

Os grupos de investigación en pedagogía social e educación ambiental (Sepa-Interea) e de medicina xenómica da USC apoiaron esta recente edición de Climántica, que tiña como lema *Xa somos máis recuperando o planeta*. O catedrático Ángel Carracedo participou activamente cunha intervención sobre a xenética contemporánea e o día mundial do ADN, cando se falou da biodiversidade xenética.

## Cinco segundos

U no tiende a pensar que está rodeado de persoas intelixentes, e non pode evitar sorprenderse cuando comprobamos que el número de tontos es infinito y la imbecilidad se extiende. Y llega a empresas que deberían estar dirigidas por gente competente y sensata, y que algunos ciudadanos de esta comarca financian con sus cuotas.

**Cristóbal Ramírez**

Por exemplo, Netflix, la proveedora de contenidos bajo demanda. Y hasta es posible que lo publicado por este periódico sea la mitad de la verdad de lo que sabemos y dentro de algunos días esos directivos aclaren las cosas. Porque, mientras tanto, en Netflix está prohibido sostener la mirada en una persona más de cinco segundos para que nadie se sienta acosado. Y a mí me parece muy bien, en el fondo. Y propongo que Martiño Nogueira, alcalde, se entienda cuanto antes con Nava Castro, directora de Turismo de Galicia, y adelantándose al Gobierno de Pedro Sánchez —que ya saben que no es de fiar, quiere poner el país patas para arriba— creen una policía con el fin de que patrulle infatigablemente por el Obradoiro para que, si llega una peregrina o un peregrino cañón (dejémoslo así) usted no pueda mirar hacia ella/él más de cinco segundos. Como si es Brad Pitt, oiga, porque se puede sentir acosado.

Si todo va bien, para el Xacobeo 2021 se podría ampliar ese cuerpo de policía a todos los Caminos de Santiago, imponiendo una distancia mínima entre peregrinos. Porque no vaya a ser que camine usted justo detrás —a tres metros, digamos— de una señora con llamativo trasero y se le vaya la vista, que eso está pero que muy mal, es muy políticamente incorrecto. Uno tiene que peregrinar pensando en los pajaritos y reflexionando sobre la marcha de Zidane. ¿Queda claro?

Os teus expertos Apple anovamos a túa tenda.

Descubrilo o 21 de xuño ás 19:00 h

Avda. Barcelona nº4, Compostela | [www.asmaccenter.com](http://www.asmaccenter.com)

AS Computer

